

ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA

DEFINICIÓN	<ul style="list-style-type: none">• Proposta curricular específica que se aparta significativamente dos contidos e criterios de avaliación dun curso concreto.• Pode afectar a unha, a varias ou a todas as materias do curso no que estea matriculado o alumno.
PROCESO DE TOMA DE DECISIONS	<ul style="list-style-type: none">• Polo carácter extraordinario que esta medida de atención á diversidade implica, cómpre que antes de tomar a decisión de realizar unha adaptación curricular individualizada se teñan aplicadas outras medidas menos excepcionais: mínimos, agrupamentos específicos ou outras.
PROCEDEMENTO	<ul style="list-style-type: none">• A conveniencia da realización da adaptación curricular significativa ven determinada pola avaliación psicopedagóxica do alumno.• Esta é realizada polo departamento de Orientación, en colaboración co equipo de profesores.• O deseño e desenvolvemento da adaptación individualizada é responsabilidade do profesorado que imparte a materia, coa colaboración dos departamentos didácticos, co asesoramento do departamento de Orientación e, cando sexa necesario, do equipo de orientación específico.
APROBACIÓN	<ul style="list-style-type: none">• Ao ser unha medida de carácter extraordinario, correspóndelle á Inspección educativa a aprobación desta medida de atención á diversidade, á vista da proposta de adaptación curricular significativa enviada polo director do centro no que está escolarizado o alumno.
AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none">• Tomará como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados na adaptación. A nota numérica será de 1 a 10.• A adaptación curricular significativa farase constar nos expedientes e nos boletíns de cualificacións dos alumnos como ACS. O profesor da materia terá que introducir no XADE a medida ACS na cualificación.
PROMOCIÓN	<ul style="list-style-type: none">• O alumno promocionará de curso, se ten todas as materias aprobadas, con unha ou dúas materias suspensas e excepcionalmente con tres, independentemente de que sexan ACS ou non.• A efectos de expediente académico do alumno, unha ACS aprobada é unha materia aprobada.
TITULACIÓN	<ul style="list-style-type: none">• Se un alumno con ACS chegara a 4º da ESO, as súas ACS non se poderán apartar significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo de ese curso.• Se aprobara todas as materias de 4º de ESO (con ACS ou sen elas) titularía automaticamente. Tamén titularía se suspende unha, dúas ou, excepcionalmente, tres (con ACS ou sen elas) sempre que o aprobe a xunta de avaliación.